

**UNIDAD
PROGRESISTA
DA ONCE**

**Nova
imaxe,
mesma
identidade.**



UNIDAD PROGRESISTA
DA ONCE

Desde **UNIDAD PROGRESISTA** DA ONCE levamos máis de tres décadas apostando por un gran proxecto que conseguiu que miles de persoas, con ilusión e compromiso, traballen para que a ONCE de sempre sexa hoxe o Grupo Social ONCE, recoñecido como o maior expoñente mundial en inclusión e igualdade.

A natureza última da Asociación é presentarse a cada unha das convocatorias electorais internas a fin de aplicar os programas aprobados pola base asociativa, focalizándoos nas persoas como centro de todas as nosas actividades. A consecución dunha plena inclusión social, a igualdade de oportunidades, a autonomía persoal das persoas con discapacidade, así como a mellora continua nas condicións de vida do colectivo de afiliados e afiliadas, e dos traballadores e traballadoras do Grupo Social ONCE serán as nosas liñas de traballo, as cales se desenvolverán baixo o prisma do noso Código Ético.

A nosa esencia organizativa está fundamentada nos principios de democracia interna, participación e pluralismo.

JUVENTUDES de **UNIDAD PROGRESISTA** DA ONCE (**JUP**) pertencen as persoas asociadas a **UP** de entre 18 e 30 anos. Esta Sección foi, desde os seus inicios, unha panca de impulso para o noso Grupo, proporcionando ideas e fórmulas innovadoras e transmitindo os nosos valores a ese presente que protagonizará o mellor dos futuros.


JUP participa activamente, tanto na vida interna do noso Grupo como de forma inclusiva no movemento xuvenil do noso país, levando o punto de vista dos mozos e das mozas



con discapacidade visual aos máis diversos ámbitos. Este traballo incansable, levou á nosa sección xuvenil a formar parte como membro de pleno dereito do máximo órgano de representación xuvenil a nivel estatal, o Consello da Mocidade de España (Consejo de la Juventud de España CJE).

A vida de **SUPO** reborda enerxía serena, pois os seus membros son as persoas asociadas a **UP** que teñen 52 anos ou máis e carecen de actividade laboral.






O noso colectivo sénior súmalle experiencia á ilusión de seguir implicando a un número crecente de asociados/ as a este importante proxecto. A nosa Sección **SÉNIOR** participa activamente na vida interna do noso Grupo e nos diferentes movementos de persoas maiores do país. As principais liñas de traballo de **SUPO** céntranse en fomentar a participación do colectivo e o seu acceso aos servizos sociais que presta a ONCE, ademais de defender o compromiso polos dereitos humanos e o desenvolvemento integral das persoas maiores afiliadas á Institución.

O mellor exemplo de que **UP** é un proxecto inclusivo e plural, de e para todos/ as, son os nosos **SIMPATIZANTES**, un alicerce importante para a vida e evolución da nosa Asociación. Sempre estiveron ao noso lado, e xuntos apostamos por un proxecto de presente e de futuro, onde todas as opinións contan.

En **UP**, traballamos día a día con determinación para propiciar o achegamento de compañeiros e compañeiras



simpatizantes, impulsando medidas que reforcen a súa formación e incentiven a súa participación, implicación e sentimento de pertenza.

Debido á importancia estratéxica que para a nosa Asociación supón este colectivo, apostamos por unha presenza crecente do número de traballadores/ as do Grupo Social ONCE como **SIMPATIZANTES** de **UNIDAD PROGRESISTA**, mellorando o seu espazo de participación, identificación co noso proxecto, valores e compromiso social, dado que constitúen un reforzo imprescindible para afrontar o presente e o futuro.

SIMPATIZANTES

UNIDAD PROGRESISTA
DA ONCE





UNIDAD PROGRESISTA
DA ONCE

San Bartolomé, 6 • 1º A
28004 Madrid • Tel.: 91 308 55 68
central@unidadprogresista.org
www.unidadprogresista.org